

BASES PARA A CONTRATACIÓN, CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL E A XORNADA PARCIAL, DE DOUS/DÚAS PEÓNS/AS PARA O GRUPO DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS.

1) OBXECTO

O obxecto destas bases é a contratación temporal, durante 6 meses e 6 días, a xornada parcial (80%) e mediante o sistema de concurso-oposición de **dous/dúas peóns/as**.

2) FUNCIÓNS

No ámbito dos servizos mínimos da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e base 3 reguladoras do PEL CONCELLOS ANO 2024, a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

- Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.
- (...) A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.
- Protección da salubridade pública.

Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

3) TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO:

As contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse polo Real Decreto - Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais.

Así, en virtude do anterior, as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL- CONCELLOS, faranse **na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial por un 80% da xornada (código 505) durante 6 meses e 6 días**.

As retribucións serán de 1072,53 euros brutos mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias)

4) PUBLICIDADE

A convocatoria deste concurso-oposición será publicada no Boletín Oficial Provincial e no taboleiro da sede electrónica do Concello: <https://sede.corcubion.gal/>. Toda a información sobre o desenvolvemento das distintas fases do proceso selectivo será publicada no taboleiro da sede electrónica municipal.

5) REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para ser admitido/a e tomar parte na citada convocatoria os/as persoas aspirantes deberán reunir necesariamente as seguintes condicións:

- a) Ser nacional de algún estado membro da Unión Europea ou estranxeiros residentes que reúnan os requisitos da Lei orgánica 4/2000.

b) Ter máis de 16 anos e non ter superado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación forzosa.

c) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co Concello.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da administración do estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio público.

e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto. Acreditarase, por parte dos traballadores que sexan finalmente seleccionados antes da súa incorporación laboral, mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

f) Segundo o previsto no punto 4.2 das bases específicas do programa PEL-CONCELLOS CONCELLOS ANO 2024 (BOP núm. 206 de 27 de outubro de 2023), as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou a data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas paradas de longa duración, entendendo por tales nesta convocatoria as que leven como mínimo un ao inscritos como demandantes de emprego no servizo público de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental ou monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

g) Estar inscrito/a como demandante de emprego no momento de formalizar o contrato laboral.

h) Ter realizado o pagamento da taxa de dereitos de exame

Será requisito necesario, para poder participar no proceso selectivo, aboar dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscricións nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Corcubión reguladora da taxa (BOP núm. 204 do 27/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada.

Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte (art 5 da Ordenanza fiscal correspondente):

Probas selectivas para:	Euros
Agrupacións profesionais	5,00 €

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte:

ES07 2080 0023 5331 1000 0013

No concepto da transferencia debe indicarse o nome do/a aspirante, así coma o proceso no que participa.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de

presentación en tempo e forma da solicitude.

Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 204 do 27/10/2022)

6) SOLICITUDES

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo (Anexo I) presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Corcubión (sede.corcubion.gal). O prazo para a presentación de solicitudes remata aos 7 días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación destas bases no BOP.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste último caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico: correo@corcubion.gal

7) ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.corcubion.gal), indícarase as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso.

No caso de que non existan persoas excluídas, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a composición do Tribunal e a data e hora da realización do primeiro exercicio. Esta resolución publicarase no taboleiro da sede electrónica do Concello de Corcubión

8) DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deberán aportar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación

a) Obrigatoriedade

- Solicitude nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.
- Documentación acreditativa de estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo (Tarxeta de desemprego, certificado de períodos de inscrición, ...)
- Xustificante de pagamento da taxa de dereitos de exame
- Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión social:
 - o Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - o Maiores de 45 anos.
 - o Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
 - o Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
 - o Persoas en situación de drogodependencia.

- o Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- o Persoas con fogar monoparental ou monomarental
- o Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- o Persoas vítimas de violencia de xénero.
- o Persoas sen fogar.

Situación	Acreditación
Mulleres, persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental/monomarental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

b) Voluntariamente

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte da persoa aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias. De non presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación na fase de concurso será de 0 ptos.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

9) TRIBUNAL

O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente/a: Un/ha empregado/a público a designar pola Alcaldía

Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía

Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, dos seus/súas suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

10) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Os sucesivos anuncios do tribunal efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase á coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar reclamacións que consideren oportunas.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistas do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 10 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

A. Fase de oposición, ata un máximo de 6 puntos

Primeiro exercicio, ata un máximo de 2 puntos

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 1 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,20 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.

Segundo exercicio, ata un máximo de 4 puntos

Consistirá na realización dun suposto/proba práctica co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 2 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 30 minutos.

Terceiro exercicio, apto/non apto

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente) terán que realizar unha proba oral obrigatoria de competencia en lingua galega

A proba determinaraa o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 1.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, que se fará mediante anuncio no taboleiro do Concello de Corcubión, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica; e dispoñen dun prazo de dous días hábiles dende a súa publicación para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

B. - Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 4 puntos

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Por servizos prestados en prazas iguais ou de semellante función, máximo de 3 puntos

A experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características (construción, carpintería fontanería, electricidade e outras relacionadas co posto de traballo), puntuarase con 0,05 puntos por mes de servizo ata un máximo de 3 puntos.

Forma de acreditación dos servizos: *Copia do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.*

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

b) Formación relacionada co posto, ata un máximo de 1 puntos

- Cursos de máis de 20 h: 0,002 puntos

- Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas relacionadas co posto de traballo, 1 punto.

11) PUNTUACIÓN FINAL E BOLSA DE EMPREGO

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e concurso, conforme ao baremo establecido nas presentes bases. O tribunal de valoración relacionará ás aspirantes por orde decrecente da puntuación final obtida, e fará pública a lista mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Corcubión.

De ser necesario, o tribunal aplicará os criterios de desempate:

1. Maior puntuación no apartado de tempo traballado
2. Maior puntuación no apartado de formación
3. Maior tempo traballado (vida laboral)

As aspirantes disporán dun prazo de DOUS días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións.

De non haber reclamacións/alegacións en prazo a relación provisoria adquirirá a condición de definitiva

Após finalizada a cualificación das aspirantes, o tribunal elaborará a correspondente lista en orde de prelación para a contratación que constituirá a bolsa de emprego.

Os/as candidatos/as que resulten seleccionados e integren e bolsa de traballo non terán ningún dereito subxectivo para a formalización de contratos de traballo.

Obrigas das integrantes da bolsa: As integrantes da bolsa de emprego teñen a obriga de facilitar os datos persoais actualizados que permitan a súa rápida localización, sendo os únicos responsábeis da fidelidade dos mesmos.

A contratación de persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de traballo, de modo que, cando for preciso cubrir unha baixa temporal, se oferte o posto de traballo ao primeiro da lista. A oferta será realizada mediante chamada telefónica e quedará constancia dela mediante dilixencia.

Se non se localiza o primeiro/a integrante da lista, procederase a chamar ao seguinte.

Non responder á chamada telefónica para cubrir unha baixa non será considerado como renuncia e a persoa conservará o seu posto para futuras incorporacións.

A integrante da bolsa que sexa contratado/a causará baixa temporal nesta. Tras finalizar o período de contratación volverá ao lugar inicial que lle corresponde.

12) FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

As contratacións laborais temporais levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

1. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar será causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes

1. Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado médico.
2. Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
3. Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
4. Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.
5. Estar en situación de emprego activo temporal. Deste xeito causará baixa temporal na listaxe e será responsabilidade súa xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego.

Formar parte da bolsa de emprego non implica ningunha obriga por parte da administración convocante coas persoas que a integran, memo no referente á convocatoria de probas selectivas.

2. Suspensión dos chamamentos

Por solicitude do/a interesado/a:

Os/as integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Terá efectos dende o día seguinte da súa presentación no rexistro do concello

O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de seis ou doce meses computados desde a data de efectos de suspensión.

Só poderá presentarse unha solicitude durante a vixencia da bolsa.

A negativa a aceptar calquera oferta de traballo será causa automática de exclusión da bolsa até a elaboración dunha nova lista.

Porén serán causas xustificativas para non ser excluído/a:

a) Estar traballando. Neste caso deberá acreditarse tal circunstancia no prazo máximo de 3 días contados desde o seguinte en que for chamado ou b) Estar en situación de incapacidade temporal. Nestes dous casos o/a candidato/a afectado/a por tales circunstancias pasará ao último lugar da lista.

13) IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polas persoas interesadas na forma legalmente prevista. O Tribunal queda autorizado a resolver as dúbidas que puidesen presentarse ou tomar os acordos necesarios referidos á orde de celebración das probas.

Para o non previsto nestas bases rexerán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia, a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza e demais disposicións obrigatorias.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: PEÓN/A PEL-CONCELLOS 2024		
2.- CONVOCATORIA: BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS PEÓN/S/AS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2024		
3.- DATOS PERSOAIS:		
NOME	DNI	
DOMICILIO		
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

A asinante en relación ao Concurso-oposición a que se refire a presente instancia declara:

- Que son certos os datos obrantes nela.
- Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos
 - a) Ser español/a ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
 - b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
 - c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
 - d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
 - e) Estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo
 - f) Atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 - a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - b. Maiores de 45 anos.
 - c. Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano como demandantes de emprego.
 - d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
 - e. Persoas en situación de drogodependencia.
 - f. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - g. Persoas con fogar monoparental ou monomarental
 - h. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - i. Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - j. Persoas sen fogar.

Que a seguinte documentación anexada é copia fiel dos orixinais que posúo, (marque o que corresponda) e que, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude:

- Fotocopia do DNI/NIE
- Fotocopia do documento de alta/renovación de demanda de emprego (DARDE).
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nestas bases (Anexo I)
- Fotocopia do título do Celga esixido, se é o caso.
- Documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos relacionados no punto 5 destas bases.
- Xustificante de pagamento da taxa (dereitos de examen), de ser o caso.

En _____ a ____ de _____ de _____

Asinado

Anexo II

TEMARIO

- Tema 1. Materiais, EPIS e ferramentas utilizadas na construción.
- Tema 2. Diferentes elementos na construción. Muros, tabiques e paredes. O formigón.
- Tema 3. Materiais, EPIS e ferramentas utilizadas na carpintería, fontanería e electricidade.
- Tema 4. Toponimia do Concello de Corcubión
- Tema 5. Ferramentas de limpeza medioambiental, tipo, usos, mantementos e EPIS.
- Tema 6. Prevencion de Riscos Laborais